



## Concello de Moaña

---

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Ante a situación de pandemia por coronavirus decretada pola OMS e as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia e o Goberno do Estado, o goberno municipal reuniuse de urxencia hoxe para acordar unha serie de medidas preventivas.

A evolución do COVID-19 nos últimos días supuxo a adopción de medidas de contención extraordinarias e urxentes polas autoridades sanitarias estatais e autonómicas. O novo escenario esixe adoptar medidas que permitan garantir a saúde de todas as persoas.

Por todo isto, no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local en concordancia co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia e o artigo 41.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía

### RESOLVE

**Primeiro** .- Decretar o peche da piscina municipal desde o luns 16 de marzo de 2020, ata que a presente situación de emerxencia non remita. Notificando a presente resolución á entidade concesionaria deste servizo aos efectos oportunos.

**Segundo** .- Decretar a suspensión do mercadillo municipal con efectos do 14 de marzo de 2020, ata que a presente situación de emerxencia non remita. Comunicando a presente resolución ás persoas vendedoras afectadas deste servizo aos efectos oportunos.

**Terceiro** .- Decretar o precinto de todas as áreas de xogo infantís con carácter inmediato, ata que a presente situación de emerxencia non remita. Comunicar a presente resolución á policía local para que proceda á súa aplicación.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

---

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 46DFJGFS9SJC9A5A5FZYKYMCR | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1